

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 31 DE OUTUBRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado da conversión en autovía do corredor Nadela – Sarria, treito: A Pobra de San Xiao – Sarria Centro, puntos quilométricos 13+500 – 24+000, de clave: LU/17/005.01, nos concellos de Sarria e Páramo.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello do Grove dun treito de 877 metros lineais da estrada provincial EP-9106 Praia Carreiro.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara o proxecto sectorial de creación de solo industrial para as instalacións da mercantil Talleres Ganomagoga, S.L.U., situadas no lugar da Gándara, na parroquia de Areas, no concello de Pontearreas (Pontevedra), como de incidencia supramunicipal para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o reforzo das liñas de investigación posdoutorais, por un importe de catrocentos doce mil novecentos vinte e cinco euros con noventa e nove céntimos (412.925,99 €).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre as medidas estratéxicas da Xunta de Galicia cara á saída do Reino Unido da Unión Europea.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

- Informe sobre a concesión de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2019.
- Informe sobre as demandas prioritarias de Galicia ao próximo Goberno de España.

A XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR A 1ª FASE DA CONVERSIÓN EN AUTOVÍA DA VAP NADELA-SARRIA, ENTRE A POBRA DE SAN XIAO E SARRIA CENTRO, CUN INVESTIMENTO DE 24,4 MILLÓNS DE EUROS

- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé a licitación das obras para finais deste mesmo ano e para poder inicialas a mediados de 2020***
- ***A actuación consiste na construción dunha nova calzada paralela á existente, sobre a marxe esquerda en sentido A Pobra de San Xiao-Sarria, para dotar este tramo de dúas calzadas de dous carrís por sentido mantendo o trazado actual***
- ***O proxecto inclúe a adaptación dos enlaces da Pobra de San Xiao, Sarria Norte e o Sarria Centro, que conectan en distintos puntos a actual CG-2.2 coa LU-546***
- ***A vía de altas prestación Lugo – Sarria – Monforte é unha infraestrutura estratéxica para o Goberno galego e converteuse nos seus poucos anos de vida nunha das principais infraestruturas de vertebración do interior de Galicia***
- ***Esta estrada, cuxo último treito se puxo en servizo en novembro de 2015, permitiu conectar a cidade de Lugo e a capital de Lemos nuns 45 minutos, grazas a un investimento da Xunta de 135 millóns de euros desde o ano 2009***

O Consello da Xunta de Galicia acaba de autorizar hoxe o proxecto do Decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a conversión en autovía da vía de altas prestacións Nadela – Sarria, no tramo entre A Pobra de San Xiao e Sarria Centro, nos concellos de Sarria e do Páramo.

O orzamento estimado no proxecto de trazado redactado conta cun investimento de máis de 24,4 millóns de euros, aos cales se engaden as partidas destinadas ao pagamento das expropiacións dos 53 predios necesarios para a súa execución e que superan os 255.000 euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé a licitación das obras de desdoblamento deste treito A Pobra de San Xiao-Sarria Centro para finais deste ano, de modo que se poida iniciar a execución das obras a mediados de 2020. O levantamento de actas previas á ocupación dos terreos sitúase ente finais deste ano ou principios do 2020.

Esta actuación impulsada polo Executivo autonómico ten por obxecto a construción dunha nova calzada paralela á existente, sobre a marxe esquerda en sentido A Pobra de San Xiao-Sarria, de xeito que se pasa dunha calzada de dous carrís (un por sentido) a dúas calzadas de dous carrís por sentido, mantendo o trazado existente.

Na súa concepción é atendendo aos criterios técnicos máis exixentes, o novo trazado vai permitir non só facer o percorrido máis rápido, senón que tamén se fará dun xeito máis seguro xa que conta cunha velocidade de proxecto de 120 km/h.

O proxecto inclúe a adaptación dos enlaces da Pobra de San Xiao, no punto quilométrico 13+600; Sarria Norte, no 21+600, e o enlace de Sarria Centro, no 23+900; e que

conectan en distintos puntos a actual CG-2.2 coa LU-546. Tamén prevé a adaptación dos pasos inferiores e a reposición dos camiños de servizo afectados.

A vía de altas prestacións Lugo – Sarria – Monforte é unha infraestrutura estratéxica para o Goberno galego e converteuse nos seus poucos anos de vida nunha das principais infraestruturas de vertebración do interior de Galicia.

Esta estrada, da que o último treito se puxo en servizo en novembro de 2015, permitiu completar a conexión da cidade de Lugo co sur da provincia. Supuxo un fito importante na súa mobilidade e no reforzo da seguridade viaria, xa que, con ela, Lugo e a capital de Lemos quedaron conectadas nuns 45 minutos grazas a un investimento de 135 M€ desde o ano 2009.

A conversión en autovía, xa prevista nos proxectos orixinais da VAP e, por tanto, máis sinxela de executar agora, permitirá seguir incrementando a funcionalidade desta infraestrutura e mellorando as condicións de seguridade e comodidade dos usuarios, cun notable incremento da capacidade e dos niveis de servizo do itinerario.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DO GROVE DA TITULARIDADE DO TREITO DA ESTRADA PROVINCIAL DA PRAIA CARREIRO

- ***O cambio de titularidade comprende un tramo de 887 metros e lévase a cabo despois de executarse unha actuación de seguridade viaria e mobilidade sustentable na estrada EP-9106, desde a EP-9101 ata a igrexa de San Vicente***
- ***Os cambios de titularidade tramítanse conforme a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación mediante decreto da Xunta de Galicia por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade***
- ***Coa transferencia aprobada, o Concello asume a responsabilidade da conservación deste tramo***

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia a prol do Concello do Grove dun treito da estrada provincial EP-9106 de Praia Carreiro.

O Concello do Grove e a Deputación Provincial de Pontevedra asinaron un convenio o 9 de agosto de 2017 para levar a cabo unha actuación de seguridade viaria e mobilidade sustentable na estrada EP-9106, desde a EP-9101 ata a igrexa de San Vicente.

Unha vez rematadas as obras, de acordo coa cláusula do citado convenio, o Concello do Grove acepta o cambio de titularidade. O organismo provincial inicia o procedemento de transferencia dun treito de 877 metros lineais nesta estrada e trasládao para a súa tramitación ao departamento de infraestruturas da Xunta.

A transferencia a prol do concello pontevedrés do Grove deste treito da EP-9106 tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado mediante decreto da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico correspóndenlle ao Concello do Grove, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A XUNTA INICIA A TRAMITACIÓN DO PROXECTO QUE PERMITIRÁ A TALLERES GANOMAGOGA AMPLIAR AS SÚAS INSTALACIÓNS DE PONTEAREAS E CREAR 30 NOVOS EMPREGOS

- ***O Consello da Xunta de Galicia acordou a declaración da incidencia supramunicipal do proxecto sectorial, paso previo á súa presentación por parte da empresa e a posterior aprobación do Goberno galego***
- ***A compañía ten como obxectivo ampliar en 3.600 metros cadrados a súa superficie cuberta para aumentar as súas liñas de produción***
- ***A actuación, na cal o grupo investirá preto de 3,1M€, permitiralle á empresa incrementar a súa facturación ata os 20M€***
- ***A Administración autonómica ratifica o seu compromiso co desenvolvemento industrial de Galicia apoiando a creación de riqueza e o emprego nesta comarca***

O Consello da Xunta de Galicia acordou a declaración da incidencia supramunicipal do proxecto sectorial de creación de solo industrial para ampliar as instalacións que Talleres Ganomagoga posúe en Ponteareas (Pontevedra). Deste xeito, a empresa prevé aumentar en 3.600 metros cadrados a súa superficie e xerar un total de 30 novos postos de traballo directos, contribuíndo así á dinamización da actividade industrial e económica da zona.

Este acordo consiste no paso previo para a súa aprobación definitiva. Agora, a empresa deberá elaborar e presentar o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. Talleres Ganomagoga, centrada nos sectores da enerxía renovable -especialmente no eido da biomasa e da eólica-, investirá preto de 3,1M€ na ampliación das súas instalacións. Desta maneira, pretende reestruturar e ampliar as súas liñas de produción para consolidar o seu posicionamento tanto a nivel nacional como internacional. Unha vez que obteña todas as autorizacións, o prazo de execución previsto é de tres anos.

Cunha traxectoria de 40 anos, Talleres Ganomagoga iniciouse no sector naval realizando traballos de caldeiraría e posteriormente foi diversificando as súas actividades cara á industria da automoción, a construción ou o sector das renovables, no cal están centrados na actualidade. Emprega a 135 persoas e factura 15 millóns de euros ao ano, que prevé incrementar a máis de 20 tras a ampliación.

A Xunta amosa, de novo, o seu apoio e compromiso co desenvolvemento industrial da Comunidade, xa que coa actuación de consolidación e ampliación prevista crearanse 30 postos de traballo directos, ademais de impulsar a actividade económica e industrial nesta zona de Pontevedra.

EDUCACIÓN GARANTE A CONTRATACIÓN TEMPORAL DOS INVESTIGADORES POSDOCTORAIS ATA O REMATE DA SÚA AVALIACIÓN

- ***A Consellería achegará un total de 413.000 euros para este fin a través dun convenio coas tres universidades do SUG, que hoxe autorizou o Consello da Xunta de Galicia***

O Consello da Xunta aproba un convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as tres universidades do Sistema Universitario Galego (SUG) que garante a contratación temporal do persoal investigador posdoutoral da modalidade A mentres non remate o período de avaliación que, en caso de ser positiva, lles permitiría acceder á modalidade B de bolsas de posdoutoramento que financia integramente o Goberno galego.

Así, a través dun convenio de colaboración, a Consellería de Educación destina un total de de 413.000 euros para que as universidades da Coruña (UDC), de Santiago de Compostela (USC) e de Vigo (UVigo) poidan levar a cabo esa contratación sen ningún custo adicional para as propias universidades.

Garántese así que o persoal posdoutoral que finaliza o contrato da modalidade A continúe contratado polas universidades con financiamento da Xunta mentres se realiza o proceso de avaliación.

No que respecta ás persoas que teñan permiso de maternidade ou paternidade, a través deste acordo, Educación garántelles a ampliación do contrato para que se poidan presentar na vindeira convocatoria nas mesmas condicións ca os demais aspirantes.

Deste xeito, tal e como se comprometera a Consellería de Educación o pasado mes de xullo, dáselle resposta a unha demanda das propias universidades que reforza a continuidade das liñas de investigación en marcha e a consolidación dunha traxectoria investigadora propia.

Estas medidas -que complementan todas as accións de apoio á carreira investigadora universitaria- converten Galicia en pioneira a nivel estatal na formación de calidade do persoal investigador e consolídana como referente para as demais autonomías e o Estado.

A XUNTA DE GALICIA APROBA UNHA NOVA BATERÍA DE MEDIDAS PARA APOIAR OS CIDADÁNS E AS EMPRESAS GALEGAS AFECTADOS POLO BREXIT NO REINO UNIDO

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe novas actuacións acordadas polo Grupo de Traballo Interdepartamental do Goberno galego para avaliar a incidencia do proceso en Galicia***
- ***A oficina do Igape ampliará as súas funcións con servizos de consultoría fiscal, laboral, xurídica e administrativa para as empresas galegas***
- ***A Administración autonómica levará a cabo todas as actuacións necesarias para que a frota que faena en augas británicas non teña que deixar os caladoiros en caso dunha saída da UE sen acordo***
- ***A estratexia do Goberno galego inclúe fortalecer as campañas de promoción para atraer á Comunidade galega turistas procedentes do Reino Unido***

O Consello da Xunta aprobou hoxe novas medidas estratéxicas acordadas polo Grupo de Traballo Interdepartamental do Goberno galego para avaliar a incidencia do Brexit en Galicia e coas que apoiar a cidadanía e as empresas que se poidan ver afectadas polo abandono do Reino Unido da Unión Europea. As novas actuacións que adoptará a Xunta de Galicia recollen, no eido empresarial, a ampliación das funcións da oficina do Igape para asesorar as empresas galegas, para as cales se prevé ademais implantar un “cheque Brexit”. A promoción para atraer turistas do Reino Unido e as medidas para que a frota galega que faena en augas británicas non teña que deixar os caladoiros en caso dun Brexit sen acordo son outras actuacións previstas na estratexia conxunta do Goberno galego.

A constitución do Grupo de Traballo Interdepartamental aprobouse no Consello da Xunta o pasado 5 de setembro. A presidencia deste grupo recae na Vicepresidencia da Xunta e del forman parte tamén as consellerías de Economía, Emprego e Industria; Facenda; Educación, Universidade e Formación Profesional; Cultura e Turismo; Sanidade; Medio Rural e Mar, así como a Secretaría Xeral de Emigración. O pasado 2 de outubro tivo lugar a primeira reunión deste grupo na cal se acordou levar a cabo unha estratexia conxunta por parte dos distintos departamentos implicados co obxectivo de mitigar os efectos do Brexit e onde se abordaron algunhas das medidas aprobadas hoxe.

Unha das actuacións recolle a ampliación das actividades de asesoramento ás empresas galegas na oficina do Igape no Reino Unido, de forma que ofrecerá servizos de consultoría fiscal, laboral, xurídica e administrativa. Como o mercado británico é o cuarto destino das exportacións galegas, a estratexia da Xunta tamén prevé a posta en marcha dun “cheque Brexit” para cubrir os gastos en que incorran as empresas galegas con presenza no Reino Unido e que se activará cando se materialice a saída do país británico da Unión Europea. Ademais, reforzase a plataforma dixital coordinada polo Igape desde a cal se lles permite ás empresas galegas avaliar a súa situación en relación co impacto do Brexit, co incremento de recursos para que poida ser empregada polo maior número posible de entidades de todos os sectores.

A pesca é un dos sectores máis afectados polos efectos do Brexit porque 1.700 persoas faenan en 150 buques galegos en augas británicas. Por iso, a Xunta acordou solicitar ao Goberno central que leve a cabo todas as medidas de continxencia necesarias para que a frota galega non teña que abandonar os caladoiros británicos en caso dun Brexit sen acordo. A Administración autonómica demandará ao Executivo central negociar un acordo pesqueiro cun fondo específico que compense a frota no caso dun Brexit duro, pero sen detraer partidas do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) que xa están comprometidas para o avance do sector.

No ámbito da pesca, a Xunta proponlle ademais ao Goberno central aprobar un real decreto que fixe as condicións para o desembarco de peixe fresco de buques do Reino Unido nos portos españois, así como a importación de produtos pesqueiros e acuícolas desde o país británico, co uso do camiión como medio de transporte. O Goberno galego apoia ademais a proposta de empresarios de loxística portuaria de pór en marcha unha conexión por transbordador que una Irlanda e Galicia.

Entre as reclamacións do Goberno galego ao Estado inclúese a implantación de medidas de continxencia no seo das diferentes conferencias sectoriais como no caso da pesca e reforzar o intercambio de información durante a negociación da relación futura entre o Reino Unido e a Unión Europea.

A Xunta demanda a comunicación inmediata das actuacións do Goberno británico que afecten medidas de continxencia relacionadas coa reciprocidade e que se garantan os dereitos dos 14.000 galegos que residen no Reino Unido en aspectos tan importantes como a asistencia sanitaria, a Seguridade Social ou a residencia.

Outro dos obxectivos do Goberno Galego é atraer turismo do Reino Unido, polo que se intensificarán as campañas de promoción no mercado británico a través de feiras internacionais turísticas en que se porá en valor o Camiño de Santiago como factor diferenciador do turismo galego, e traballarase en aproveitar os fluxos de turistas británicos ao norte de Portugal cara a Galicia.

A Administración autonómica leva tempo a traballar na avaliación dos posibles efectos da saída do Reino Unido da UE na economía galega a través de medidas como o Foro Galego do Brexit, un observatorio para seguir este proceso que conta ademais cunha web específica. Este portal informativo reforzarase cunha sección de consultas máis frecuentes e a posibilidade de enviar preguntas á Fundación Galicia Europa.

A XUNTA COLABORA POR SEXTO ANO CONSECUTIVO CON AXUDAS AOS PLANS DE FORMACIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

- ***Foron aprobados nove plans de formación correspondentes ás catro deputacións provinciais, á Fegamp, aos concellos de Pontevedra e A Coruña e á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo***
- ***A Escola Galega de Administración Pública (EGAP) oferta de xeito anual unha programación completa, actualizada e de calidade dirixida especificamente ao persoal das entidades locais galegas***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre a concesión de subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia deste ano, onde segundo se indica, por sexto ano consecutivo, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) oferta de xeito anual unha programación completa, actualizada e de calidade dirixida especificamente ao persoal das entidades locais galegas.

O Goberno galego mantén a aposta pola formación dos seus empregados públicos como garante dun servizo de calidade, xa que estas accións repercutirán directamente na eficiencia e eficacia das entidades locais e cada ano introdúcense na convocatoria certas modificacións en determinadas cuestións que, pola experiencia do ano anterior, se consideran necesarias. As principais novidades da convocatoria deste ano foron a ampliación da data límite de xustificación, para facilitarlles ás entidades locais conseguir as xustificacións do pagamento que deben presentar de cara a poder recibir a subvención.

Logo de finalizado o prazo de presentación de solicitudes por parte das entidades locais para este ano, presentáronse un total de nove (9) plans formativos que corresponden ás catro deputacións provinciais, á Federación Galega de Municipios e Provincias, á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo e aos concellos de Pontevedra e A Coruña.

En total, para o ano 2019, asígnouse para as subvencións un orzamento de 534.080 euros, o que supuxo un incremento de mais dun 23% con respecto ao pasado ano. Foron aprobados nove plans de formación correspondentes ás catro deputacións provinciais, á Fegamp, aos concellos de Pontevedra e A Coruña e á Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo.

A XUNTA DA A COÑECER OS 25 ASUNTOS MÁIS URXENTES E PRIORITARIOS QUE O PRÓXIMO GOBERNO DE ESPAÑA DEBE ATENDER NOS PRIMEIROS MESES DA SEGUINTE LEXISLATURA EN GALICIA

- *Trátase de cuestións enmarcadas en cinco obxectivos: un financiamento máis xusto, o impulso ás infraestruturas pendentes, o apoio aos sectores produtivos, a mellora dos servizos públicos, e a colaboración cultural*
- *O informe menciona o aboamento completo da débeda de 700 millóns de euros asumida polo Goberno central por diversos conceptos financeiros*
- *Fai fincapé no apoio aos sectores produtivos, como as industrias electrointensivas, para as que require que se poñan en marcha canto antes medidas que favorezan un prezo eléctrico estable*
- *Pon atención a que Galicia leva moito tempo agardando pola alta velocidade ferroviaria e soportando sucesivos atrasos, sobre todo no relacionado co AVE, que pide abordar coa máxima transparencia e rigor informativo*
- *Destaca a necesidade de que a próxima lexislatura sirva para materializar un Pacto pola Educación que garanta estabilidade ás próximas xeracións e tamén de abordar de forma completa a viabilidade da Sanidade Pública para o futuro*
- *Salienta que o Ano Santo transcende á Comunidade Autónoma e, por este motivo, solicita ao próximo Executivo estatal que tamén aprobe un plan estratéxico*

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2019.- O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe sobre as demandas prioritarias de Galicia ao próximo Goberno de España, que recolle os 25 asuntos máis urxentes e prioritarios que o próximo Goberno de España debe atender nos primeiros meses da seguinte lexislatura en Galicia.

Trátase de 25 cuestións enmarcadas en cinco obxectivos: un financiamento máis xusto, o impulso ás infraestruturas pendentes, o apoio aos sectores produtivos, a mellora dos servizos públicos, e a colaboración cultural, no marco Xacobeo 2021.

Dentro do obxectivo dun financiamento máis xusto, o informe menciona en primeiro lugar o aboamento completo da débeda de 700 millóns de euros asumida polo Goberno central por diversos conceptos financeiros, da que, despois do anuncio do pago das entregas a conta – aínda sen ingresar-, segue pendente o pago dunha mensualidade do IVE (220 M€) e das compensacións ás comunidades cumpridoras (170 M€).

En relación a isto, Galicia segue a solicitar un novo sistema de financiación autonómica, que cómpre acometer de forma urxente, xa que é imprescindible consensuar un modelo que supere a idea do reparto por territorios. A Comunidade considera preciso ponderar en maior medida o envellecemento e a dispersión, e o documento cita tamén a inclusión dunha peza separada para a Sanidade pública.

O Goberno galego propón así mesmo unha Estratexia nacional fronte ao reto demográfico, tendo en conta que a única aprobación dunhas liñas xerais, sen contido nin dotación orzamentaria, é insuficiente para acometer un dos principais problemas que condiciona o

futuro de Galicia e do resto das comunidades. Sobre isto, a Xunta agrega a necesidade de que se teñan en conta as características demográficas á hora de asignar fondos ou de aprobar novas medidas.

Ademais, a nosa Comunidade reitéralle ao Goberno do Estado que defenda os intereses galegos no marco das relacións coa UE. En primeiro lugar, os intereses afectados polo Brexit, con especial atención ao sector pesqueiro, e por outra banda, Galicia precisa que a asignación procedente dos fondos de cohesión non se vexa diminuída de forma abrupta.

O segundo pilar das cuestións prioritarias é o impulso ás infraestruturas pendentes, con especial atención a que Galicia leva moito tempo agardando pola alta velocidade ferroviaria e soportando sucesivos atrasos. Sobre todo no relacionado co AVE, o Executivo galego mantén a demanda de que se aborde coa máxima transparencia e rigor informativo.

Así mesmo, a Xunta pide que se clarifique o calendario en cuestións como a conexión a Madrid; a planificación e execución da conexión a Lugo; as obras planificadas nas estacións ferroviarias; a variante exterior en Ourense; ou o impulso do AVE a Vigo por Cerdedo, así como a planificación de modernización das conexións aproveitando a oportunidade da inclusión da Comunidade no Corredor Atlántico Europeo. A maiores, cita o reforzo dos servizos de viaxeiros; a mellora da política tarifaria; a integración dos principais servizos ferroviarios no sistema do transporte metropolitano; a planificación sobre o ancho de vía; e a adaptación dos aeroportos á chegada do AVE.

En canto ás necesidades en materia de estradas que o próximo Goberno de España debe ter en conta de xeito prioritario, están: a execución das obras para mellorar a funcionalidade e conectividade da AP-9; as bonificacións na AP-9 e na AP-53; as obras da autovía Lugo-Santiago; ou a solución definitiva aos problemas ocasionados pola néboa na A-8. Ademais, o Goberno galego reitera a petición de transferencia á Comunidade da titularidade da AP-9.

En materia de augas, a Administración galega remarca que debe existir unha implicación no saneamento integral das rías e ríos galegos co impulso, execución e financiamento das obras hidráulicas declaradas de interese xeral do Estado. A isto engade a solicitude ao respecto da débeda das infraestruturas portuarias.

Despois das infraestruturas, o informe fai fincapé no apoio aos sectores produtivos. Entre as urxencias está a situación das industrias electrointensivas, para as que o Goberno galego require que se poñan en marcha canto antes medidas que favorezan un prezo eléctrico estable, pois están en risco arredor de 5.000 empregos.

Sobre isto, sobresaie tamén que a prioridade na aprobación dun Estatuto electrointensivo polo que estas empresas levan agardando desde hai un ano e do que nin tan sequera se coñece un borrador. De feito, a Xunta xa elaborou unha proposta aos partidos políticos co obxectivo de que o próximo Goberno de España poida proceder á súa aprobación practicamente de forma inmediata.

En relación ao futuro da industria, o documento tamén recolle a necesidade de abordar unha transición ordenada no eido enerxético, en concreto con medidas específicas para evitar o peche da central térmica das Pontes, así como con alternativas industriais ao peche da térmica de Meirama. Ademais, Galicia solicita a convocatoria de novas poxas de renovables para o impulso deste tipo de enerxías.

Na liña da busca de apoio para o futuro da nosa industria, salienta igualmente a necesidade de trasladar mensaxes claras e prudentes para non comprometer o sector da automoción, un ámbito no que para a súa competitividade o Executivo galego ve fundamental a construción da nova subestación eléctrica en Balaídos.

Así mesmo, as peticións inclúen a garantía de carga de traballo en Navantia para os próximos dous ou tres anos, ademais de cumprir o compromiso de adxudicar un buque de aprovisionamento para a Armada que sirva de barco-ponte nese período baleiro. E, por último, tamén están as incertezas xeradas ao respecto do regulamento da Lei de Costas, unha cuestión que cómpre revertir porque afecta de xeito integral ou parcial a case 5.000 edificacións que se atopan nos 2.500 km de costa galega.

Por outra banda, esta axenda inclúe unha área na que fan falla medidas áxiles e grandes acordos a nivel nacional: os servizos públicos. Entre eles, destaca a necesidade de que a próxima lexislatura sirva para materializar un Pacto pola Educación que garanta estabilidade ás próximas xeracións. A Xunta considera que un dos obxectivos prioritarios e urxentes é lograr que o modelo sexa máis equitativo e, de xeito concreto, cita a importancia de establecer fórmulas para a coordinación nas probas de acceso á Universidade.

Dentro das 25 cuestións, para o Executivo autonómico tamén se atopa a necesidade de abordar de forma completa a viabilidade da Sanidade Pública para o futuro, con dous temas prioritarios: paliar a escaseza de profesionais en prazas de difícil cobertura ou especialidades deficitarias, co impulso tamén dunha norma que axilice o procedemento de acreditación de unidades docentes para a formación sanitaria especializada; e, en segundo lugar, restablecer o modelo de troncalidade, sobre todo en canto a determinadas especialidades, para reducir os prazos de tramitación e resolución dos expedientes de homologación de títulos de especialista extracomunitarios.

Así mesmo, o benestar dos galegos depende tamén das axudas á dependencia e por iso, de acordo coa lei aprobada en 2006, a Xunta lembra que a participación das comunidades autónomas e do Goberno central debe ser equitativa. Por outro lado, Galicia introducirá o ano que vén a gratuidade da educación infantil de 0 a 3 anos para os segundos fillos e sucesivos e, no tocante a isto, o Goberno galego pide a colaboración económica do Estado para que a gratuidade poida introducirse para o 100% das prazas e o 100% dos nenos.

Seguindo cos servizos públicos, a Administración galega fai referencia a unha serie de ingresos procedentes do Goberno de España para os servizos sociais que se considera prioritario recibir. O mesmo, a necesidade de creación de novas unidades xudiciais, sobre todo despois de que non se atendera a petición dun novo xulgado en Lugo.

No relativo á seguridade, o informe fai fincapé en prioridades como completar a dotación da unidade de policía adscrita á nosa Comunidade, para facer fronte ao aumento de competencias e, a curto prazo, de carga de traballo. Ademais, é preciso habilitar o mecanismo necesario para que se poida levar a cabo a comarcalización dos parques de bombeiros das cidades. E, como último apartado deste punto, recóllese que por parte do Estado se axilicen as axudas para que Galicia poida cumprir co obxectivo que establece a UE respecto á extensión da banda larga.

A colaboración cultural, co protagonismo do Xacobeo, é o último punto do documento, tendo en conta que se trata dun fenómeno internacional que o conxunto de España debe aproveitar para reforzar a súa imaxe exterior. O Ano Santo transcende á Comunidade Autónoma e, por este motivo, solicítase ao próximo Executivo estatal que tamén aprobe un plan estratéxico, detalla, e engade unha serie de peticións en relación a ese plan. Así mesmo, e por último, a Xunta pide que o Estado manteña o seu apoio ás candidaturas galegas a Patrimonio Mundial.